

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2026 pola que se convocan as actividades de formación continua para o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico e da Administración institucional.

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2026 polo Consello Reitor deste organismo, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, procede convocar as actividades de formación continua correspondentes ao primeiro semestre do ano 2026 para o persoal ao servizo da Administración xeral autonómica de Galicia, da Administración institucional e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que se detallan nos anexos desta resolución,

RESOLVO:

Convocar as actividades formativas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2026

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I**Bases****Primeira. Requisitos dos/das participantes**

1. Poderá participar nas accións formativas convocadas nesta resolución o persoal empregado público destinado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, nas entidades públicas instrumentais enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e na Administración institucional, que se encontre en situa-

CVE-DOG: np5zk7g2-o1t9-r246-yjw0-irz2l269g9h0



ción de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.

Exceptúase o persoal docente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia e bombeiros; e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Sen prexuízo do anterior, poderán ofertarse actividades formativas ao persoal empregado público pertencente a outras administracións, entidades, organismos e institucións públicas da Comunidade Autónoma, cando así se estableza na epígrafe Persoal destinatario da actividade formativa.

Segunda. *Desenvolvemento das actividades de formación*

Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <<https://egap.xunta.gal>>

Terceira. *Solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 25 de febreiro de 2026.

As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>> desde as 9.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 14.00 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.

2. O número máximo de cursos que se poden solicitar durante o prazo de presentación de solicitudes límtase a cinco.

3. Non está permitida a realización de actividades de formación que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais ou telepresenciais das actividades.

CVE-DOG: np5zk7g2-o1t9-r246-yjw0-irz2l269g9h0



Cando a/o alumna/o teña coñecemento de que foi seleccionada/o para un curso que teña coincidencia horaria con outro no cal xa foi seleccionada/o debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade que unha persoa realizou simultaneamente varias actividades, non se lle expedirá certificación de ningunha delas, e pasará ao final das listaxes de todas as actividades formativas que solicite e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

4. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

5. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

6. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación e/ou telepresenza deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude e dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un computador con conexión á internet.
- Un navegador web actualizado.
- O software correspondente a cada actividade e indicado no anexo II desta resolución.

Para as actividades impartidas na modalidade de telepresenza contarán ademais cun manual de usuario na páxina web da EGAP na seguinte ligazón <<https://egap.xunta.gal/formulariosrecursos>> onde se indica como acceder a esta plataforma de telepresenza e os compoñentes que o equipo necesita para un funcionamento básico da plataforma.

7. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (discapacidade ou permisos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral), de acordo cos criterios de selección, deben cubrir na súa área de matrícula todos os campos marcando o recadro de verificación de que están nalgunha destas situacións específicas e remitirle á EGAP a correspondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, sen prexuízo do

CVE-DOG: np5zk7g2-o1t9-r246-yjw0-irz2l269g9h0



previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). A devandita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no número 1 desta base.

8. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57, 981 54 62 53, 981 54 62 54, 981 54 62 73 e 981 54 63 35 en horario de atención ao público (das 9.00 ás 14.00 horas) e do enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>

Cuarta. *Comprobación de datos*

1. Os datos persoais proporcionados polas persoas interesadas para a xestión das solicitudes de participación na acción formativa convocada a través desta resolución, así como aqueles outros que se recollan ou elaboren con motivo do desenvolvemento desta, serán tratados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de levar a cabo a selección do alumnado, a impartición da formación e a xestión xeral desta.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd). Os datos identificativos das persoas seleccionadas para participar nesta acción formativa serán publicados conforme o detallado na base sexta desta resolución. Así mesmo, os datos dos alumnos e alumnas relativos a súa participación nesta acción formativa poderán ser comunicados aos órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia cando sexa estritamente necesario para o exercicio das súas competencias.

As sesións dos cursos impartidos na modalidade de telepresenza serán gravadas coa finalidade de ofrecer ao alumnado a posibilidade do seu visionado posterior como material de estudo, así como para a resolución de posibles reclamacións. En todo caso, o alumnado, se o considera oportuno, poderá desactivar a súa cámara e/ou micrófono e participar a través do chat de acordo coas indicacións da persoa docente. As devanditas gravacións conservaranse á disposición do alumnado e profesorado durante o tempo que dure a ac-



ción formativa ou, se é o caso, ata que finalice a avaliación do alumnado. A retransmisión das sesións formativas, e a gravación destas, poderá ser accesible unicamente ao profesorado e alumnado a que van dirixidas e ao persoal da EGAP autorizado.

Prohíbese expresamente a descarga, a difusión, a distribución ou a divulgación das gravacións, e particularmente, a súa compartición en redes sociais xa que estes usos poden conculcar o dereito á protección de datos, o dereito á propia imaxe e os dereitos de propiedade intelectual, e poderían xerar responsabilidade disciplinaria, administrativa ou civil. As gravacións non poderán ser usadas para outros fins fóra do ámbito docente.

As persoas interesadas poderán solicitar ante a persoa responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento por motivos relacionados coa súa situación particular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

2. Conforme o disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para a tramitación do procedemento de selección consultarase automaticamente os datos das persoas solicitantes desta acción formativa necesarios para realizar o proceso de selección, salvo que a persoa interesada se opuxese a iso.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán sinalalo expresamente, incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular e achegar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, tipo de persoal e antigüidade na Administración a través do seguinte enderezo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

5. A EGAP poderá pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo cos criterios recollidos nesta convocatoria.

CVE-DOG: np5zk7g2-o1t9-r246-yjw0-irz2l269g9h0



Quinta. Criterios de selección

1. Os criterios de selección que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución do 10 de maio de 2023, da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 96, do 23 de maio), corrección de erros (DOG núm. 130, do 10 de xullo, e DOG núm. 148, do 4 de agosto), sen prexuízo dos criterios específicos establecidos na epígrafe Persoal destinatario de cada actividade formativa incluída no anexo II desta resolución.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm. 58, do 25 de marzo). Para o ano 2026, segundo a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 22 de xaneiro (DOG núm. 16, do 26 de xaneiro), comezase pola letra M.

2. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos do curso poderá completarse o número de alumnos/as asignado mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP.

Sexta. Publicación das relacións do alumnado seleccionado

1. A EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> unha relación das persoas admitidas, en reserva e excluídas para participar en cada curso, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de alegacións será de dez días desde a súa publicación de acordo co artigo 82.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Logo de transcorrer o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> a listaxe definitiva de persoas admitidas no curso. Contra esta listaxe poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde a dita publicación, de acordo co disposto polos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Sétima. *Cambios ou substitucións na selección. A renuncia. A asistencia e o seguimento das actividades formativas*

1. En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia.

a) As persoas seleccionadas poderán renunciar á actividade formativa. A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP. Na páxina web da Escola está dispoñible un modelo de renuncia.

Para formalizar a renuncia poderase utilizar, alén do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>

O prazo para presentar escrito de renuncia iniciárase a partir da publicación da listaxe de persoas admitidas, en reserva e excluídas e finalizará tres días antes do inicio da actividade formativa.

b) As persoas que incumpran o prazo previsto pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade, agás que a renuncia teña algunha das seguintes causas:

1º. Por causa de forza maior suficientemente acreditada.

2º. Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos/das responsables dos centros directivos.

3º. Por razóns de conciliación familiar.

4º. Por outras causas xustificadas documentalmente.

O feito de non contar co software correspondente a cada actividade e indicado no anexo II desta resolución non se considerará causa xustificada para renunciar á actividade formativa fóra de prazo.

CVE-DOG: np5zk7g2-o1t9-r246-yjw0-irz2l269g9h0



3. A asistencia e o seguimento das actividades formativas.

3.1. Seguimento das actividades presenciais e telepresenciais:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e máis a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia:

1º. Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas presenciais ou telepresenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante as persoas responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2º. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas presenciais ou telepresenciais pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3.2. Seguimento das actividades de teleformación:

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listaxes de agarda de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

Oitava. *Superación da actividade formativa*

Para poder superar as actividades formativas, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a) Para as actividades presenciais e telepresenciais: cumprir coa porcentaxe de asistencia indicada no número 3.1 alínea c) e superar a proba de avaliación que se realizará ao final delas.

b) Para as actividades de teleformación:

– A adecuada realización de todas as actividades que o/a titor/a propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do



curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final.

– A superación dunha proba de avaliación final.

Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas en que estas terán lugar. Nestas actividades, as probas de avaliación finais serán en liña salvo que na ficha da actividade se indique outro sistema de avaliación. A EGAP informará a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación das datas concretas e das horas da proba final.

Novena. *Certificados*

Para a obtención do certificado de aproveitamento o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe en que declare apto/a ou non apto/a cada alumno/a en función do resultado da proba de avaliación.

Décima. *Facultades da EGAP*

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exijan as circunstancias que lle afecten a súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP resérvase o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da Escola.

5. A EGAP garantirá na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.

CVE-DOG: np5zk7g2-o1t9-r246-yjw0-irz2l269g9h0





ANEXO II

Código	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de remate	Data e hora do exame final
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas								
FC26005	A cidadanía e as administracións públicas: dereitos e obrigas	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	16.4.2026	12.5.2026	18.5.2026 16.30 horas
FC26006	A elaboración da normativa autonómica: visión práctica	Persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 da Administración autonómica.	50	30	Teleformación	18.5.2026	17.6.2026	22.6.2026 16.30 horas
FC26008	A protección de datos como límite á transparencia pública	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	18.5.2026	12.6.2026	17.6.2026 16.30 horas
FC26009	A regulación da intelixencia artificial na Administración pública	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	16.3.2026	13.4.2026	17.4.2026 16.30 horas
FC26010	A responsabilidade do persoal empregado público	Empregados/as públicos/as da Administración autonómica e empregados/as das entidades locais de Galicia, preferentemente, habilitados/as nacionais e empregados/as públicos/as da Administración autonómica e da Administración local dos subgrupos A1 e A2 de persoal funcionario e grupos I e II de persoal laboral, que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución deste tipo de expedientes.	50	22	Teleformación	7.4.2026	29.4.2026	5.5.2026 16.30 horas
FC26010	A responsabilidade do persoal empregado público	Empregados/as públicos/as da Administración autonómica e empregados/as das entidades locais de Galicia, preferentemente, habilitados/as nacionais e empregados/as públicos/as da Administración autonómica e da Administración local dos subgrupos A1 e A2 de persoal funcionario e grupos I e II de persoal laboral, que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución deste tipo de expedientes.	50	22	Teleformación	7.9.2026	28.9.2026	2.10.2026 16.30 horas
FC26011	A responsabilidade patrimonial da Administración pública	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	30	Teleformación	19.5.2026	18.6.2026	23.6.2026 16.30 horas





Código	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de remate	Data e hora do exame final
FC26013	A xurisdición contencioso-administrativa	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	18.5.2026	12.6.2026	17.6.2026 17.00 horas
FC26014	Análise normativa da xestión de indemnizacións por razón de servizo	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	29.4.2026	24.5.2026	28.5.2026 16.30 horas
FC26015	As actuacións administrativas automatizadas	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	18.5.2026	12.6.2026	16.6.2026 16.30 horas
FC26029	Básico de subvencións e normativa aplicable	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	30	Mixto teleformación + telepresenza	Do 8.4.2026 ao 4.5.2026 Telepresenza: 15 e 29 de abril das 16.30 ás 19.00 horas		8.5.2026 18.00 horas
FC26032	Boas prácticas ambientais nas administracións públicas	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	30	Teleformación	27.4.2026	27.5.2026	1.6.2026 16.30 horas
FC26042	Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	20	Teleformación	25.5.2026	14.6.2026	18.6.2026 16.30 horas
FC26042	Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	20	Teleformación	15.9.2026	5.10.2026	9.10.2026 16.30 horas
FC26054	Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	18	Teleformación	23.3.2026	14.4.2026	17.4.2026 17.30 horas
FC26054	Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	18	Teleformación	24.9.2026	13.10.2026	16.10.2026 16.30 horas
FC26060	Legalidade das actas de inspección. A función inspectora	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	13.4.2026	8.5.2026	12.5.2026 18.00 horas





Código	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de remate	Data e hora do exame final
FC26061	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	20	Teleformación	7.4.2026	27.4.2026	30.4.2026 16.30 horas
FC26061	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	20	Teleformación	17.9.2026	8.10.2026	14.10.2026 17.30 horas
FC26062	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	17.3.2026	14.4.2026	17.4.2026 17.00 horas
FC26062	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	18.5.2026	12.6.2026	16.6.2026 17.30 horas
FC26062	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	14.9.2026	9.10.2026	14.10.2026 17.00 horas
FC26062	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	21.10.2026	16.11.2026	19.11.2026 16.30 horas
FC26063	Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	8.4.2026	3.5.2026	7.5.2026 17.30 horas
FC26064	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	20.4.2026	15.5.2026	20.5.2026 16.30 horas
FC26064	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	24.9.2026	20.10.2026	23.10.2026 16.30 horas
FC26066	Lei galega para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial: principios, obrigas e oportunidades para a Administración pública	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	30	Teleformación	18.5.2026	18.6.2026	23.6.2026 17.00 horas





Código	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de remate	Data e hora do exame final
FC26068	Marco lexislativo específico e xeral sobre os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	30	Teleformación	8.4.2026	8.5.2026	13.5.2026 17.30 horas
FC26092	Mellora da calidade dos servizos públicos	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	20	Teleformación	26.5.2026	15.6.2026	18.6.2026 17.00 horas
FC26093	Nóminas e retribucións do persoal	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	8.4.2026	4.5.2026	8.5.2026 16.30 horas
FC26093	Nóminas e retribucións do persoal	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	8.10.2026	2.11.2026	6.11.2026 17.00 horas
FC26094	O procedemento sancionador tras a Lei 39/2015 e a Lei 40/2015, do 1 de outubro	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	20	Teleformación	7.4.2026	27.4.2026	30.4.2026 17.30 horas
FC26096	Os convenios na Administración autonómica: visión práctica, diferenzas e límites	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	40	Mixto teleformación + telepresenza	Do 21.5.2026 ao 21.6.2026 Telepresenza: 27 de maio; 3, 10 e 17 de xuño das 16.30 ás 19.00 horas		26.6.2026 17.30 horas
FC26098	Os retos da Administración pública na sociedade da información	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	1.6.2026	26.6.2026	1.7.2026 16.30 horas
FC26099	Permisos e licenzas do persoal empregado público. Réxime xurídico e tramitación	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	12	Teleformación	27.5.2026	9.6.2026	12.6.2026 17.30 horas
FC26099	Permisos e licenzas do persoal empregado público. Réxime xurídico e tramitación	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	12	Teleformación	15.9.2026	28.9.2026	1.10.2026 16.30 horas
FC26101	Prestacións da Seguridade Social e cotizacións	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	30	Teleformación	6.4.2026	6.5.2026	12.5.2026 16.30 horas





Código	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de remate	Data e hora do exame final
FC26109	Revisión dos actos en vía administrativa	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	23.4.2026	19.5.2026	22.5.2026 16.30 horas
FC26110	Réxime disciplinario do persoal empregado público de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	15	Teleformación	1.6.2026	16.6.2026	19.6.2026 17.00 horas
FC26142	A estrutura do emprego público e ordenación dos recursos humanos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia: a elaboración da relación de postos de traballo (RPT)	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	20	Teleformación	4.5.2026	22.5.2026	27.5.2026 16.30 horas
FC26142	A estrutura do emprego público e ordenación dos recursos humanos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia: a elaboración da relación de postos de traballo (RPT)	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	20	Teleformación	1.10.2026	20.10.2026	23.10.2026 17.00 horas
FC26144	Estrutura e composición de documentos de contido xurídico integrantes de expedientes administrativos	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	20	Teleformación	4.5.2026	24.5.2026	28.5.2026 17.00 horas
FC26145	O deseño, adquisición e implementación de sistemas de intelixencia artificial nas administracións públicas	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	35	25	Telepresenza	7, 14, 20, 21, 27 e 28 de abril das 16.30 ás 19.30 horas 4 e 5 de maio das 16.30 ás 20.00 horas		5.5.2026 19.30 horas
FC26151	Técnicas para a elaboración de pregos de contratación pública	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	30	Teleformación	4.5.2026	3.6.2026	8.6.2026 16.30 horas
FC26152	Tramitación de expedientes de contratación na Administración autonómica	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	30	Teleformación	6.4.2026	5.5.2026	8.5.2026 18.30 horas
FC26153	Transparencia: acceso á información pública e publicidade activa	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	21.5.2026	15.6.2026	19.6.2026 17.30 horas





Código	Denominación	Persoal destinatario	Prazas	Horas	Modalidade/ localidade	Data de inicio	Data de remate	Data e hora do exame final
FC26164	A axilidade na contratación pública: contratación menor e procedemento aberto simplificado	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	30	15	Telepresenza	19, 20, 21, 25 e 26 de maio das 16.30 ás 19.30 horas		26.5.2026 19.00 horas
FC26003	A Administración electrónica: os seus retos xurídicos	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	4.5.2026	29.5.2026	4.6.2026 16.30 horas
FC26003	A Administración electrónica: os seus retos xurídicos	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	1.10.2026	27.10.2026	2.11.2026 16.30 horas
FC26111	Situacións administrativas e excedencias	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	40	25	Telepresenza	6, 7, 10, 13, 17, 20, 21, 27, 29 e 30 de abril das 17.00 ás 19.30 horas		30.4.2026 19.00 horas
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades								
FC26012	A xestión documental na Xunta de Galicia	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	15	Teleformación	4.5.2026	19.5.2026	22.5.2026 18.00 horas
FC26016	Atención á cidadanía	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.	50	25	Teleformación	22.4.2026	18.5.2026	21.5.2026 16.30 horas
